

RÉXIME XURÍDICO DA XESTIÓN DAS AUGAS: OS SEUS PRINCIPIOS INSPIRADORES E A SÚA MANIFESTACIÓN NA NOVA LEI DE AUGAS DE GALICIA *

Juan Carlos Argüello Fernández

Subdirector Xeral de Xestión
do Dominio Público Hidráulico de *Augas de Galicia*

Resumo: *Analízase o réxime xurídico das augas no ordenamento xurídico español e os principios que inspiran a súa administración e xestión. Concrétase o momento histórico en que estes principios foron creados e asumidos polo noso ordenamento xurídico e perfilanse todos eles facendo especial referencia ao de publicación das augas, xestión integral de cunca e unidade de ciclo hidrolóxico. Así mesmo, descríbese o proceso de planificación hidrolóxica como o principal instrumento de desenvolvemento e ordenación racional e sustentable da política da auga no noso país. Para rematar, analízase como todos estes principios son asumidos e superados pola nova Lei 9/2010, do 4 de novembro, de augas de Galicia.*

Palabras clave: *auga, ben público, xestión integral, participación dos usuarios, medio natural, custos, Galicia.*

Abstract: *This article analyzes the status of water within the Spanish legal system and the principles that guide its administration and management and identifies the point in time in which these principles were created and assumed by our legal system. These principles are outlined, paying special attention to the nationalization of water, basin integrated management, and hydrological cycle unit. In addition, the process of hydrological planning is described as the main instrument of development and rational and sustainable regulation of water policy in our country. Lastly, an analysis is made of how the Augas de Galicia new 9/2010, November 4 Act, assumes and improves upon these principles.*

Keywords: *water, public good, integrated management, user participation, environment, costs, Galicia.*

Durante moito tempo a auga foi considerada un ben inesgotable. O home adaptaba a súa existencia ás disponibilidades deste recurso, ben asentándose en lugares que contaban con auga de calidade, ben adaptando a súa forma de

* Texto da conferencia impartida polo autor na «Xornada sobre a Lei 9/2010, do 4 de novembro, de augas de Galicia», celebrada na *Escola Galega de Administración Pública* o 13 de abril do 2011 en Santiago de Compostela.

vida ás disponibilidades hídricas dos territorios. Pensábase que a auga corría libremente como a luz do sol ou o aire. Era o que os vellos libros de economía denominaban un caso de ben «non económico»: algo que non é de ninguén e do que calquera pode apropiarse ou aproveitar.

Para o Dereito romano a auga atopábase dentro da categoría das *res communes omnium*, unha cousa do común que podía ser gozada por todos, pois a todos pertencía, aínda que as augas dos ríos navegables foron obxecto de especial protección: segundo Ulpiano, nelas prohibíase aos particulares a construción de estruturas que dificultasen ou impedisen a navegación.

En xeral, esta dobre cualificación das augas do Dereito romano mantense na Europa continental ata ben entrado o século XIX. O Código Civil napoleónico declarou unicamente como bens de dominio público os ríos navegables.

No Dereito español podemos afirmar, seguindo ao profesor García Rubio¹, que se mantivo longo tempo este sistema con orixe no Dereito romano. Así, As *Sete Partidas* de Afonso X o Sabio permítenlle a calquera particular, e principalmente aos donos de terreos ribeiregos, a apropiación das augas, coa excepción das propias dos ríos navegables e flotables. No entanto, naqueles territorios peninsulares onde a auga era máis apreciada, ben pola súa menor abundancia ou porque o seu uso tivese unha maior importancia nas actividades económicas, estableceuse unha certa intervención das autoridades que limitaba os dereitos e expectativas dos propietarios ribeiregos das correntes de auga. É o caso de Valencia, onde distintos corpos normativos estableceron desde antigo o dominio público, tanto dos ríos navegables coma dos non navegables e de todas as augas que tivesen perenne e continuo curso, aínda que nacesen en terreo de dominio particular; sendo unicamente de dominio privado aquelas augas que «teniendo origen en territorio de privado dominio, por su corta cantidad o por su perenne, no pueden emplearse en utilidad pública».

Ata o século XIX, polo tanto, conviven en España dúas tradicións hidráulicas: a de raíz romana, para a cal a auga é sobre todo un ben do común, e a levantina, que supón unha temperá consideración da auga como ben público.

É daquela, cara a mediados do século XIX, cando a chegada da civilización industrial multiplica a poboación e rompe coa tradicional adaptación, mal que ben, do home ás disponibilidades de auga, dando lugar a unhas demandas ata entón sen precedentes e orixinando unha sensación de escaseza. O abastecemento da poboación e das súas actividades económicas dependía cada vez máis

¹ GARCÍA RUBIO, F.: *Régimen jurídico de la gestión del agua*. Madrid, La Ley y el Consultor, 2010. Páxs. 55 e ss.

de complexas operacións de captación, bombeo, condución e potabilización. A auga converteuse, xa que logo, nun ben «económico», obxecto de «produción» e de consumo.

Neste contexto histórico e social prodúcese o fenómeno xurídico e económico da publicación da auga. No noso Dereito, a Real orde do 24 de maio de 1853 é a primeira norma xurídica que, expresamente, cualifica as augas dos ríos e as súas canles como dominio público. En esencia, a cualificación como dominio público da auga supón a súa exclusión do tráfico ordinario do Dereito privado para ser xestionada en réxime de Dereito público, reservándose o Estado a súa titularidade. Esta titularidade da auga polo Estado pode derivar (e de feito, deriva) no outorgamento discrecional pola Administración responsable do recurso duns dereitos temporais de aproveitamento a aqueles particulares interesados, mediante o pagamento dun canon.

Despois da citada Real orde de 1853, as leis de 1866 e de 1879 declararon públicas as augas que nacían continua e descontinuamente en terreos de dominio público, as dos ríos, e as continuas ou descontinuas de mananciais e arroios namentres discorresen polas súas canles naturais. Esta última lei de 1879, que se ocupaba tan só das augas continentais e non das marítimas, coma a de 1866, determinou a condición de dominio público das augas superficiais e considerou as subterráneas de titularidade privada. Tal regulación estivo vixente, como é ben sabido, durante máis de cen anos, ata a actual Lei de augas na súa versión orixinaria de 1985.

En palabras do profesor Ariño Ortiz², se en algo foi España un exemplo estudado e imitado por numerosas lexislacións estranxeiras, foi en materia de augas, en gran parte grazas a leis coma esta de 1866-1879, que no seu momento constituíu «un verdadeiro monumento xurídico».

A lei de 1879, dicíamos, contemplou a posibilidade de apropiación da auga polos particulares. Estas «augas privadas» podían ser de dous tipos: as pluviais e as de mananciais e arroios; e as subterráneas. Sobre as primeiras, os propietarios dos terreos polos que discorrián podían facer obras de encoro, almacenamento, ou condución das mesmas dentro das súas propiedades. As subterráneas pertencían sempre «en plena propiedade» a quen as descubría e sacaba á superficie, tanto se era en terreo propio coma en terreos públicos. Non se admitía, con todo, que se sacasen á superficie augas sobre terreo alleo sen permiso do propietario deste.

² ARIÑO ORTIZ, G. e SASTRE BECEIRO, M.: *Leyes de Aguas y Política Hidráulica en España*. Granada, Ed. Comares, 1999. Páx. 2.

Durante o longo período de vixencia da Lei de 1879 producíronse, ademais, dous importantes acontecementos no noso Dereito de augas: en 1924, mediante decreto-lei, atribúeselles definitivamente aos municipios a competencia da subministración de augas á poboación; e, doutra banda, en 1926 créanse as Confederacións Hidrográficas, as primeiras institucións que existiron no mundo co obxectivo de xestionar toda unha cunca fluvial de maneira unitaria. Con elas xorde, pois, no noso Dereito outro principio informador da xestión da auga: a unidade de cunca como unidade de xestión do recurso. E xorde moito antes de que o Consello de Europa adoptase en 1967 a Carta Europea da Auga —cuxo artigo 11 dispón que a administración dos recursos hídricos ten que basearse nas cuncas naturais máis que nas fronteiras políticas e administrativas— e de que este criterio fose asumido pola Directiva 2000/60/CE do Parlamento Europeo e do Consello, do 23 de outubro do 2000, coñecida como Directiva Marco de Augas.

Sobre este aspecto de unidade e xestión integral de cunca fundaméntase a repartición de competencias en materia de xestión da auga entre o Estado e as Comunidades Autónomas que diseña a Constitución española de 1978. Así, o seu artigo 149.1.22ª determina que «o Estado ten competencia exclusiva sobre [...] a lexislación, ordenación e concesión de recursos e aproveitamentos hidráulicos cando as augas corran por máis dunha comunidade autónoma». A competencia, pois, sobre os recursos hidráulicos distribúese segundo discorran as augas dunha determinada cunca hidrográfica polo territorio dunha soa comunidade autónoma ou polo de varias. No primeiro caso, a competencia será exercida pola Administración autonómica correspondente e no segundo pola propia Administración Xeral do Estado mediante o Organismo de cunca respectivo.

Outra cousa que previu a Constitución de 1978, no seu artigo 132, foi a de remitir a unha lei posterior a regulación dos bens de dominio público, así como a determinación de cales destes bens serían de titularidade estatal.

En parte como consecuencia deste mandato constitucional, promúlgase a Lei de augas de 1985 que arromba definitivamente a lei de 1879, fai desaparecer o concepto de «augas privadas» en que se baseaba en boa parte esta última, como xa se sinalou con anterioridade, e establece como principio cardinal o da publicación de todas as augas, consagrando a indiscutible «unidade do ciclo hidrolóxico». Esta nova formulación legal do réxime xurídico das augas foi consecuencia dos traballos das axencias especializadas e dos organismos internacionais, así como das opinións de reputados expertos en materia hidráulica, para os cales as augas subterráneas e as augas superficiais son, no fondo, as mesmas augas, polo que se impón a súa explotación racional e coordinada. A

lei de 1879 descoñecía esta realidade unitaria da auga e establecía un réxime xurídico e un sistema de competencias para a súa ordenación e xestión completamente distinto nun e outro caso. Con iso, non facilitaba o aproveitamento racional dos nosos recursos hidráulicos e tampouco lles garantía, de feito, aos usuarios a pervivencia dos seus caudais.

Así pois, desde 1985 «las aguas continentales superficiales, así como las subterráneas renovables, integradas todas ellas en el ciclo hidrológico, constituyen un recurso unitario, subordinado al interés general, que forma parte del dominio público estatal como dominio público hidráulico». Esta afirmación era recollida no artigo 1º da Lei de augas de 1985 e hoxe aparece tamén no actual texto refundido da Lei de augas, aprobado por Real decreto lexislativo 1/2001, do 20 de xullo, que, en grandísima parte, continúa e integra aquela lei.

A auga no noso ordenamento xurídico configúrase, polo tanto, como un recurso unitario. Todo el é único e forma parte dun ciclo natural común. As augas pluviais e os mananciais, as superficiais e as subterráneas, as continuas ou descontinuas, as renovables ou as de moi lenta renovación, todas forman unha única realidade. É, ademais, un recurso de dominio público estatal, co que se sinala expresamente que a titularidade de todas as augas lle corresponde ao Estado, a quen lle compete en última instancia a planificación da actividade económica xeral e que, ademais do Plan Hidrológico en si mesmo, alcanzará a outros plans nacionais coma os enerxéticos, de obras públicas, de regadíos ou de minería, todos os cales afectan directamente ás augas.

E é que, despois do principio de respecto á unidade do ciclo hidrológico na xestión das augas, o segundo elemento esencial que introduciu a Lei de augas de 1985 no sistema de administración da auga en España foi o criterio da planificación hidrolóxica.

A planificación hidrolóxica é o instrumento de desenvolvemento da política da auga mediante a ordenación dos seus distintos usos, e a protección da calidade e a xestión racional e sustentable do recurso, que condiciona toda autorización, concesión ou infraestrutura hidráulica futura que se solicite. Os seus obxectivos son: conseguir o bo estado e a adecuada protección do dominio público hidráulico, a satisfacción das demandas de auga, e o equilibrio e harmonización do desenvolvemento rexional e sectorial incrementando as disponibilidades do recurso, protexendo a súa calidade, economizando o seu emprego e racionalizando os seus usos en harmonía co medio e os demais recursos naturais.

O ámbito xeográfico da planificación hidrolóxica é, como resulta ben sabido, a cunca hidrográfica, aínda que desde a trasposición ao noso ordenamento

xurídico da Directiva marco da auga (cuxo contido se incorporou ao texto refundido da Lei de augas en virtude da modificación operada polo artigo 129 da Lei 62/2003, do 30 de decembro) superpoñéronse a este ámbito xeográfico das augas continentais —tanto superficiais coma subterráneas—, as augas mariñas, costeiras e de transición, que determinan un novo espazo xeográfico comprensivo de todas elas (denominado Demarcación Hidrográfica) e que debe ser obxecto de ordenación e protección polo Plan Hidrolóxico de cunca correspondente.

A planificación hidrolóxica realízase mediante os Plans Hidrolóxicos de cunca e o Plan Hidrolóxico Nacional. Os Plans Hidrolóxicos de cunca son aprobados polo Goberno mediante Real decreto, en canto que o Plan Hidrolóxico Nacional, a cuxas determinacións deben someterse estritamente os plans de cunca, é obxecto de tramitación parlamentaria como lei ordinaria.

Ben, ata aquí pretendeuse describir o réxime xurídico das augas no noso ordenamento xurídico e os principios que inspiran a súa administración e xestión. Foise concretando como todas as augas integrantes do ciclo hidrolóxico foron declaradas públicas ou, en palabras da lei, bens de dominio público hidráulico. Perfiláronse os principios de xestión por unidade de cunca e de ciclo hidrolóxico e, por último, describiuse o proceso de planificación hidrolóxica como o principal instrumento de desenvolvemento e ordenación racional e sustentable da política da auga no noso país. Todos estes principios son asumidos con posterioridade pola Directiva marco da auga, o que di moito da longa tradición e experiencia do noso Dereito nesta materia. O Tribunal Constitucional tivo oportunidade de pronunciarse sobre a bondade e conformidade destes principios coa Constitución nalgúns casos: a principal na súa sentenza do 29 de novembro de 1988, a raíz da entrada en vigor da Lei de augas de 1985, e as máis recentes nas sentenzas do 16 e 17 de marzo do 2011, nas que declara inconstitucionais por atentar contra o principio de unidade de cunca os preceptos dos novos Estatutos de Autonomía de Andalucía e Castela e León polos que estas comunidades autónomas se atribuían competencias exclusivas sobre as augas do Guadalquivir e do Douro que discorresen polo seu territorio.

Pero fáltannos aínda principios importantes de xestión por sinalar nesta relación. Un deles, o de unidade de xestión das augas. A Lei de augas de 1985 (e nesta razón séguese de forma inalterada o actual texto refundido da Lei de augas de 2001) proclamou o principio de unidade de xestión referido, en todo caso, ao de unidade de cunca, pois á fronte de cada unha destas cuncas establécense, coa denominación de Confederacións Hidrográficas, os «Organismos de cunca» que unifican e reúnen conxuntamente as competencias das antigas

Confederacións e Comisaría de augas, baixo a dependencia, hoxe, do Ministerio de Medio Ambiente. Nesta autoridade única intégranse representantes daquelas comunidades autónomas con territorios que formen parte total ou parcialmente dunha cunca hidrográfica, así como os usuarios con diversos intereses na utilización da auga. A estes últimos corresponderalles, en todo caso, polo menos un terzo dos membros das Xuntas de Goberno, órgano colexiado de goberno das citadas Confederacións Hidrográficas.

Tamén o actual texto refundido da Lei de augas obriga ás administracións hidráulicas das comunidades autónomas, nos casos en que exerzan competencias sobre o dominio público hidráulico en cuncas hidrográficas comprendidas integramente dentro do seu territorio, a axustar o réxime xurídico da súa organización a este mesmo principio de unidade de xestión e ao de participación dos distintos usuarios da cunca.

A presenza dos usuarios nos órganos de goberno e de xestión dos «Organismos de cunca» e demais administracións hidráulicas de ámbito autonómico libéraas dunha excesiva presenza burocrática e dótaas de certa representación social e lexitimidade no tocante á formulación dos Plans Hidrolóxicos de cunca e en materia de xestión das augas, fundamentalmente na ordenación e harmonización dos distintos aproveitamentos e usos do recurso en toda a cunca, así como no desenvolvemento de actividades encamiñadas a unha máis racional utilización da auga, control de vertidos e consecución de obxectivos de calidade ambiental da cunca.

Poñamos un exemplo en negativo que nos faga ver como a falta de participación dos distintos usuarios na xestión do recurso, nunha determinada cunca, conduce ao desastre ambiental. Tomamos o exemplo do libro de Julian Caldecott «*Water. Life in Every Drop*», recentemente publicado en España³. Caldecott relátanos unha das maiores catástrofes ecolóxicas do século XX, que tivo lugar precisamente nun lago por culpa dunha concepción da xestión da auga de carácter estritamente burocrático e vertical: o goberno da antiga Unión Soviética foi o causante do que o propio Caldecott denomina «a morte do mar de Aral». Este mar tiña unha superficie duns 67.000 quilómetros cadrados e no seu día, hai pouco máis de cincuenta anos, foi considerado o cuarto lago máis grande do mundo: contiña uns 1.000 quilómetros cúbicos de auga doce, posuía cantidades enormes de peixes e acollía activas liñas de viaxeiros e comercio entre os seus portos. Nun momento dado, decídese desviar os dous ríos que alimentaban ao mar de Aral: o Sir Daria no noreste (no que hoxe é Kazakhstán) e o Amu Da-

³ CALDECOTT, J.: *Agua. Ecología de una crisis global*. Barcelona, Los Libros del Lince, 2011. Páxs. 144 e ss.

ria no Sur (hoxe Uzbekistán e Turkmenistán). Tratábase de regar unha enorme zona de deserto para o cultivo, sobre todo, de algodón.

Cara a 1960 cada ano realizábase o transvasamento de 50 km³ de auga desde o mar de Aral. Posteriormente, incrementouse o ritmo, ata que o nivel do lago diminuíu un termo medio de 80 a 90 cm anuais nos anos oitenta. O mar de Aral perdeu máis da metade da súa superficie e aproximadamente as dúas terceiras partes do seu volume, á vez que aumentaba de xeito considerable a súa salinidade a consecuencia da evaporización.

As consecuencias que sufriron as persoas que residían arredor do mar de Aral e se dedicaban á agricultura, á pesca ou ao negocio do transporte en barca foron desastrosas. Moitos tiveron que emigrar e a actividade económica da zona deprimiuse.

Probablemente (e isto xa non o di Caldecott) de ter sido outro o proceso de toma de decisións, de terse integrado e escoitado nos órganos de xestión aos usuarios da auga de toda a cunca (non só algodoeiros, senón tamén outros agricultores, pescadores, industriais relacionados coa pesca, etc.) nunca se tería producido este desastre tan brutal. A auga neste exemplo esaxerado, pero real, foi unicamente valorada como un factor de produción dun único produto e non se tiveron en conta outras consideracións: non importaron as necesidades doutros usuarios desa mesma cunca nin a degradación ambiental que ese desvío provocaba e que, en último termo, repercutiría sobre os habitantes de determinadas comarcas desa mesma cunca. Tal consideración que, en definitiva, é o fundamento dos principios dos que viñemos falando ata aquí, tería evitado, sen dúbida, o espectáculo de ver hoxe reducido a menos da súa cuarta parte o que fai a penas 40 anos era o cuarto maior lago do mundo, o terceiro de auga doce. (Ademais, Turkmenistán e Uzbekistán son os dous primeiros países do mundo en consumo de auga *per capita*, o que non di moito sobre a eficiencia na súa utilización.)

Volvamos á nosa realidade. Todos estes principios rectores dos que ata aquí se veu falando, cristalizan no artigo 14 do actual texto refundido da Lei de augas, que literalmente di:

«El ejercicio de las funciones del Estado, en materia de aguas, se someterá a los siguientes principios:

- 1º Unidad de gestión, tratamiento integral, economía del agua, desconcentración, descentralización, coordinación, eficacia y participación de los usuarios.
- 2º Respeto a la unidad de la cuenca hidrográfica, de los sistemas hidráulicos y del ciclo hidrológico.

3º Compatibilidade de la gestión pública del agua con la ordenación del territorio, la conservación y protección del medio ambiente y la restauración de la naturaleza.»

Xa dixemos anteriormente que todas as administracións hidráulicas, tanto as dependentes do Estado como as das comunidades autónomas que asuman nos seus Estatutos competencias en materia de augas, deben axustar a súa actuación a estes principios do artigo 14.

Sobre o aspecto de compatibilizar a xestión da auga cos usos do solo, pouco que dicir: non pode haber solo urbano sen a garantía dos servizos de abastecemento de auga e a súa evacuación como elementos básicos de tal urbanización. «Que non se pode urbanizar sen auga é tan evidente como que non se pode urbanizar sen solo», sinalou algún autor. Nunha das últimas modificacións da Lei de augas (por Lei 11/2005) incluíuse a esixencia de que no informe que os Organismos deunca deben emitir sobre os plans de ordenación territorial e urbanística se deben pronunciar sobre a existencia ou non de recursos suficientes para satisfacer as novas demandas derivadas daqueles⁴.

Polo que respecta á compatibilización da xestión da auga coa conservación e protección do medio natural, cómpre dicir que neste transcendental aspecto ten especial importancia a Directiva Marco da auga (DMA), a norma do Parlamento Europeo e do Consello da Unión Europea do ano 2000, que en España foi trasposta ao ámbito lexislativo estatal a través da Lei 62/2003, de 30 de decembro, de medidas fiscais, administrativas e da orde social, a cal modificou o texto refundido da Lei de augas. A DMA establece un marco para a protección das augas que incide de forma moi importante sobre os seus aspectos ambientais, de tal xeito que queden garantidos:

- o abastecemento seguro de auga potable,
- a protección e o mantemento do bo estado ecolóxico das augas,
- a minimización dos efectos das inundacións e secas.

A DMA non ten por obxecto unha nova regulación xeral do dominio público hidráulico, nin a regulación dos usos da auga nin do seu réxime concesional, nin regula os rexistros públicos nin o réxime de policía das augas nin a organización das distintas administracións hidráulicas, nin o réxime de axudas nin o económico-financeiro (aínda que establece principios que lle afectan),

⁴ Art. 25.4 do texto refundido da Lei de augas, aprobado polo Real decreto lexislativo 1/2001, de 20 de xullo, de acordo coa redacción dada polo núm. 3 da disposición final primeira da Lei 11/2005, de 22 de xuño, pola que se modifica a Lei do Plan Hidrolóxico Nacional.

cuestións todas estas abordadas na lexislación de augas española. A DMA é un texto básico que incide fundamentalmente sobre os aspectos ambientais das augas, e só de forma tanxencial sobre outros aspectos da regulación da auga. A DMA é unha definición de obxectivos ambientais referidos á calidade das augas que deben ser acadados, con carácter xeral, a finais de 2015.

Neste contexto xorde a Lei 9/2010, de 4 de novembro, de augas de Galicia. Unha lei que pretende dar resposta ás propias características da nosa Comunidade Autónoma en materia de augas e obras hidráulicas e que determina instrumentos e criterios para afianzar unha política de augas conforme cos principios rectores definidos no texto refundido da Lei de augas estatal e que responda aos principios de dereito comunitario vinculantes para os Estados membros da UE.

Así, manifestación do principio de unidade de xestión supón a creación da axencia *Augas de Galicia*, único ente con competencias en materia de augas e que vén refundir nunha soa entidade as dúas que veñen funcionando actualmente: o organismo autónomo *Augas de Galicia* e a Empresa Pública de Obras y Servicios Hidráulicos. Evitarase así unha disfunción organizativa que levaba a unha indefinición de atribucións ou a unha equívoca distribución delas, o que, en certa forma, afectou á eficacia de ambos os entes. A nova entidade *Augas de Galicia* pasará a ser a Administración hidráulica única da Comunidade Autónoma nas cuncas internas, nas que Galicia exerce plenas competencias de administración, control e xestión do dominio público hidráulico. Nas cuncas intercomunitarias, a Administración hidráulica de Galicia participará en representación da Comunidade Autónoma na forma que se prevé na propia Lei estatal de augas.

Galicia é unha Comunidade Autónoma que ten diferentes graos de competencia en materia de augas en distintas partes do seu territorio. O artigo 27.12 do seu Estatuto de autonomía dispón a competencia exclusiva sobre aproveitamentos hidráulicos, canles e regadíos cando as augas discorran integramente dentro do territorio da Comunidade Autónoma, sen prexuízo do disposto no artigo 149.1.22ª da Constitución. A xestión e administración da auga e as obras hidráulicas que non sexan de interese xeral do Estado son a materia sobre a que a Administración hidráulica de Galicia exerce as súas competencias nas cuncas internas; pero as súas competencias non se esgotan nas súas propias cuncas, senón que alcanzan tamén as cuncas intercomunitarias con parte do seu asentamento territorial en Galicia e que son administradas polo Estado. Aquí, as competencias da Administración hidráulica de Galicia correspóndense coa participación nos Organismos de cunca estatais na adopción de decisións e coas obras hidráulicas de interese autonómico.

A Lei é respectuosa, xa que logo, co principio de unidade de cunca como territorio sobre o que xestionar as augas dun xeito integral e así o recolle expresamente no seu artigo 3. Neste precepto relaciónanse tamén outros criterios de actuación na xestión das augas que van máis aló dos recolleitos no texto refundido da Lei de augas. Así, establece como obxectivos ambientais en materia de augas o de acadar un uso racional do recurso (o que se fundamenta directamente no art. 45 da Constitución española), pero de acordo co principio de prudencia, principio que se invoca directamente desde o art. 174 do Tratado de constitución da Comunidade Europea. E non é esta a única vez en que desde a Lei de augas de Galicia se invocan principios que teñen a súa orixe directamente no Dereito comunitario e que se pretende sexan de aplicación na Comunidade Autónoma. Así se fala dunha utilización sustentable da auga e do principio de recuperación do custo «dos servizos relacionados coa auga, incluídos os custos ambientais», para alcanzar a suficiencia financeira do sistema no marco dun prezo accesible. Pero este principio, tomado do art. 9 da DMA non se adopta de maneira que se requira a súa íntegra recuperación, senón que admite modulacións. De feito, da lectura da lei conclúese que debe entenderse como un principio inspirador para a implantación de medidas que leven a un uso máis eficiente do recurso porque a lóxica impón que uns prezos axeitados implican un uso máis eficiente, o que supón un menor consumo e, consecuentemente, mellores condicións ambientais. Con todo, a lei é sensible coa realidade da sociedade galega e recoñece as súas dificultades. Por exemplo, exclúe do pago do canon da auga aos usos agrícolas, forestais e gandeiros; ou determina un volume de consumo mínimo que está exonerado do pagamento do devandito canon: 6.000 litros mensuais por vivenda.

Outro aspecto significativo da Lei de augas de Galicia é que reitera e complementa os principios ambientais inspiradores da DMA, os cales, aínda que foron obxecto de trasposición ao ordenamento español na Lei de augas estatal, son novamente recollidos, reiterados e reformulados desde un maior aprofundamento. Así se fala de: «Reducir progresivamente a contaminación procedente dos vertidos ou usos que prexudiquen a calidade das augas na fase superficial ou subterránea do ciclo hidrolóxico»; ou de «compatibilizar a xestión dos recursos naturais coa salvagarda da calidade das masas de auga e dos ecosistemas acuáticos.»

Mención especial neste aspecto de preservación da calidade das masas de auga merece o Título VI dedicado ás rías de Galicia. Póñense ao día os obxectivos de calidade para estas augas e os valores límite de emisión de acordo coa máis recente normativa europea e estatal: a Directiva 2008/105/CE, rela-

tiva ás normas de calidade ambiental no ámbito da política de augas; ou a Lei 42/2007, do patrimonio natural e a biodiversidade.

Para rematar, a lei comprométese dentro das políticas de abastecemento, saneamento e depuración a fornecer augas en cantidade e calidade axeitadas a todos os núcleos de poboación legalmente constituídos no marco da Planificación Hidrolóxica, así como a contribuír á consecución do bo estado ecolóxico das augas e dos seus ecosistemas asociados mediante o cumprimento dos obxectivos que fixe a lexislación.

Estas obrigacións xerais para a Administración hidráulica de Galicia e para as entidades locais compléméntanse cunha relación de dereitos dos usuarios de auga de uso urbano e que se corresponden coas obrigacións propias da prestación dun servizo público: obter o servizo en condicións de garantía e regularidade conforme aos parámetros de calidade establecidos, coñecer as tarifas establecidas, acceder a toda a información dispoñible en materia de auga e, en particular, a referida ao estado das masas de auga de superficie ou subterráneas, nos termos previstos na normativa reguladora do acceso á información en materia de medio natural...

Comezamos falando da auga como un ben «libre» desde unha perspectiva económica e rematamos falando de dereitos no seu consumo. Como cambiaron as circunstancias! Precisamente, un dos aspectos máis importantes sobre os que se centra o debate sobre a auga na actualidade é o do dereito á auga de calidade en cantidade suficiente. E é que a preocupación pola auga é crecente porque o recurso está ameazado a nivel mundial por distintos factores: a superpoboación, a contaminación, o cambio climático... Tanto é así que, recentemente, por resolución de 28 de xullo de 2010, a Asemblea Xeral das Nacións Unidas declarou «o dereito á auga potable e o saneamento como un dereito humano esencial para o pleno goce da vida e de todos os dereitos humanos».

A Lei de augas de Galicia é unha norma filla do seu tempo, que se preocupa polos aspectos ambientais e de calidade das augas, e que ao mesmo tempo recoñece que aínda queda traballo por facer para dar satisfacción aos seus cidadáns nas súas necesidades de abastecemento e de depuración e que se propón cubrilas respectando a sustentabilidade do sistema. Pero a Administración non o poderá todo; sen dúbida precisará a colaboración dos usuarios da auga e dos especialistas e profesionais na materia para que, coa súa experiencia e a súa capacidade técnica, podamos seguir preservando o recurso.